

## CONSIDERACIÓNS SOBRE O SERVIZO DE MADRUGA E COMEDOR PRESTADO POR FANPA TENDO EN CONTA AS MEDIDAS RECOLLIDAS NO PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 PARA O CURSO 2020/21

### Medidas do protocolo que afectan aos servizos:

- Distancia mínima de 1,5 metros entre alumnado (1 metro durante a comida se non están encarados)
- Medidas de desinfección entre quendas, dos aseos, dos espazos utilizados e outras medidas hixiénicas recollidas no protocolo
- En cada centro pode haber diferentes medidas concretas máis restritivas ás contidas no protocolo.

### As medidas impostas para ambos servizos fai imposible que FANPA siga prestando ditos servizos polas seguintes razóns:

- Redución do número de usuarios nun 80% respecto aos dos cursos pasados para cumprir as medidas de distanciamento.
- Incrementos moi importantes de custo pola redución de usuarios e a aplicación das medidas recollidas no protocolo, que faría inviable o servizo para a maioría das familias. A falta dun análise minucioso, estímase que como mínimo duplicarase o custe para os usuarios.
- Indefinición do que pasaría no caso de positivo en COVID-19 por parte de alumnado usuario dos servizos. Suponse que terían que gardar corentena de 14 días como mínimo. Ao ser alumnado de moitos cursos, suponse que excepto a aula do positivo, o resto seguirán coas clases presenciais. Que profesorado atenderá telemáticamente a ese alumnado?
- Incoherencia entre as medidas a adoptar nas aulas e nestes servizos.
- Na maioría dos casos falta de flexibilidade do mobiliario actual (mesas grupais) para a aplicación das medidas.

### Condicións para o mantemento dos servizos:

- Servizo para o 100% das familias que o precisen.
- Regulación por parte da Consellería de cesión de novos espazos para cubrir a demanda de familias usuarias, sen ter que negociar centro a centro dita cesión.
- Flexibilidade horaria nas saídas de clase dos usuarios do comedor para poder incrementar o número de quendas.
- Que a Consellería asuma os custes extraordinarios producidos mentres o protocolo estea en vigor (Medidas hixiénicas, incremento de persoal necesario para o servizo, ...).
- Diálogo coas familias para a modificación do protocolo.